


CELEBRACIÓN DA FESTA DOS REIS EN OS COTOS (na igrexa)

5 e 6 de xaneiro do 2021

EPIFANÍA DOS SANTOS REIS



NON MÁIS
VIOLENCIA
DE XÉNERO



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA
E CON RESPONSABILIDADE PERSOAL ANTE A COVID-19



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE SAÚDO DE BENVIDA

🎵 *nº 1 Que ledos hoxe estamos*
ou nº 65 Imos compañeiros imos

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a fe en igrexa e desfrutando da presenza de Xesús Neno no medio de nós. Facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Seguimos a vivir os días de Nadal, e hoxe facémolo coma nenos (teñamos os anos que teñamos). Nesta día precisamos deixarnos levar das ilusións e sorrisos dos máis pequenos.

Recordamos o que nos di o noso calendario de Nadal da casa?, cal é o mellor agasallo que temos entre mans?. **A VIDA É AGASALLO.** Facer da vida un verdadeiro agasallo é a nosa responsabilidade, e non falamos de agasallos en cartos, falamos de tolerancia, respecto, dignidade. Nós: **A VIDA FACÉMOLA CRIBLE.** Nesta festa da Epifanía dos reis amosamos que somos un pobo que quere ser acolledor, e ao mesmo tempo sabémonos Luz do Salvador para os demais.

PROCLAMACIÓN DO GLORIA

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos anxos, cos pastores,
cantemos con María e con Xosé,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle cos pobres e cos pequenos,
a quen Deus lles procura tanto ben,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

Monitor/a

Cantémoslle ao Deus que nos visita,
que mostra na humildade o seu poder,
a gloria e a paz que nace en Belén.

*Todos: GLORIA AO SEÑOR NAS ALTURAS
E NA TERRA PAZ*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

*Celebrante Rematamos a primeira parte da
celebración presentando no silencio o que rebule no noso
interior, e agradecemos a vida dos máis pequenos da
nosa comunidade.*

(silenzo)

Señor, por medio da estrela,
ti hoxe deches a coñecer o teu Fillo
a todos os pobos.

Concédenos aos que xa te coñecemos pola fe
sermos levados a contemplar cara a cara
a túa Gloria.

Así queremos, con todos os nenos e nenas,
compartir neste día de Reis,
e así acudimos a Ti, Pai, por Xesucristo
que vive e reina por sempre eternamente.
Amén.

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Leccionario II B páx 47 **Is 60, 1-6** *LECTURA*

LECTURA DO PREFETA ISAÍAS

Levántate, brilla, que a túa luz xa chegou;
si, a gloria do Señor resplandece sobre ti.
Pois, olla, a escuridade encobre a terra
e a negrura os pobos,
pero sobre ti resplandece o Señor
e a súa gloria faise ver sobre ti.
Certo que os pobos camiñarán coa túa luz
e os reis co resplandor do teu alborear.

Levanta os teus ollos arredor,
todos estes xuntáronse, viñeron a ti.
Os teus fillos veñen de lonxe
e as túas fillas son traídas no colo.
Entón, cando o vexas,
estarás radiante
e o teu corazón latexará e ensanchará,
pois as riquezas do mar traeránseche a ti
e os bens dos pobos virán para ti.
Estarás cuberta dunha chea de camelos,
de dromedarios novos de Madián e de Efah.
Todos eles virán de Sabá.
Virán cargados de ouro e incenso,
e proclamarán lediciosos a louvanza do Señor.

Palabra do Señor

🎵 68 🎵 *Con un sombreiro de palla* SALMO

(en pé) *Leccionario II B páx 49* Mt 2, 1-12 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Xesús naceu en Belén de Xudea, en tempos do rei Herodes. E nisto uns magos de Oriente chegaron a Xerusalén preguntando:

- Onde está o Rei dos xudeus que acaba de nacer? Porque vimos saír a súa estrela alá no Oriente, e vimos para lle rendermos homenaxe.

Oíndo isto, o rei Herodes alporizouse, e con el toda Xerusalén. Convocou a todos os sacerdotes e letrados do pobo, para lles preguntar onde tiña que nacer o Mesías.

Eles responderon:

- En Belén de Xudea, que así o deixou escrito o profeta:

E ti Belén, terra de Xudea,
de ningún xeito es a máis pequena,
entre as vilas de Xudea,
que de ti ha saír o guía
que será o pastor do meu pobo Israel.

Entón Herodes, ás agachadas, chamou aos magos, para se informar ben de cando lles aparecera a estrela. Logo mandounos a Belén, dicíndolles:

- Ide e informádevos ben do que hai dese neno; e unha vez que o atopedes, avisádeme, para ir eu tamén a lle render homenaxe.

Eles, despois de oíren ao rei, puxéronse en camiño. E, velaí, a estrela que viran saír no Oriente foinos guiando ata se deter enriba de onde estaba o neno. Grande alegría sentiron ao veren saír de novo a estrela.

E cando entraron na casa atoparon o neno con María, súa nai. Prostráronse e renderonlle homenaxe; logo, abrindo os seus tesouros, ofrecéronlle coma regalo ouro, incenso e mirra.

Logo, avisados en soños de que non volvesen por onda Herodes, saíron para a súa terra por outro camiño.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



(en pé)

PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *A festa dos Reis dános a oportunidade de ser AGASALLO DE VIDA para os demais como nos recorda o calendario do Nadal. Compartir hoxe a fe é FACELA CRIBLE, é ser luz e exemplo para todos, é acoller a Cristo como Salvador feito Nadal nas nosas mans:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a

*Credes en Deus Pai,
que acompaña os nosos camiños da vida
como naquel cortello de Belén?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes en Xesús,
que se achega a todos nós
e nace pobre e no medio dos pobres?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes no Espírito de Deus
que nos alenta a compartir coa ilusión do Nadal?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

*Credes na igrexa,
comunidade que quere medrar acollendo a Xesús
que se fai no medio dos refuxiados
e empobrecidos desta terra?*

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Moitas son as cousas que queremos agradecerche Señor, moitos son os agasallos que coma nenos e nenas hoxe vivimos. Rezamos dicindo:*

DÁMOSCHE GRAZAS, SEÑOR

Monitor/a

- ✓ Polas persoas que nos agasallan tolerancia e respecto en vez de marxinacións e abusos,
- ✓ Polos nenos e nenas que nos agasallan ilusións en vez de costumes e rutinas,
- ✓ Polos pais e nais que agasallan aos seus fillos con tenrura e cariño encamiñando os seus pasos,
- ✓ Polos veciños e veciñas das aldeas do rural que nos agasallan con un verdadeiro aprezo a estas comunidades aínda que haxa quen queira esquecerse delas,
- ✓ Polos crentes que nos agasallan co exemplo dunha fe que fai crible o evanxeo lonxe de ritos baleiros,
- ✓ Polos refuxiados que nos agasallan coas súas ganas de vivir en paz e dignidade lonxe das comodidades,

Celebrante: *Todo cho agrademos a Ti, Señor. Acolle as nosas vidas, os nosos bos desexos destes días de Nadal, e que os demais atopen sempre en nós un bo exemplo. Por Xesucristo noso Señor. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *Deus faise en nós, faise Nadal, faise nas ilusións e nos sorrisos dos nenos. Atopámolo en quen é capaz de agasallar tenrura, atopámolo en quen é crible na xustiza, atopámolo doído no que lle ocorre a tantas persoas por culpa da Covid-19. A Deus Pai rezamos dicindo NOSO PAI ...*

SIGNO DA PAZ

Celebrante: *As nosas mans abertas expresan a nosa boa vontade; con estas mesmas mans queremos agasallar responsabilidade de ser coidadores con nós, cos demais e con todo. E nestas mesmas mans, facéndose cribles, póusase Xesús porque é NADAL.*

COMUÑÓN

Celebrante: *Hoxe, como igrexa, seguímonos reunindo arredor do altar para compartir a ledicia de ter xa a Xesús no medio de nós.*

Somos igrexa que vive o agasallo da vida. Ditosos nós que hoxe, crentes e cribles, estamos invitados a participar deste banquete do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

♪ n° 72 **Durme meniño**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, que a túa luz nos dirixa en todo tempo e lugar, para que contemplemos con fe pura e vivamos con amor sincero o misterio do Nadal no que agora participamos.

Pedímolo por Xesucristo, noso Salvador, nacido no medio de nós, e que vive e reina por sempre eternamente. Amén

Co nacemento do seu Fillo, Deus iluminou este Nadal. Coa súa bondade infinita encha os nosos corazóns de amor e de paz. Amén

El anuncioulle aos pastores o gozo inmenso do nacemento salvador do seu Fillo. Que El encha os nosos corazóns coa súa alegría e nos faga mensaxeiros do evanxeo. Amén

E polo Nadal do seu Fillo, Deus uniu a terra co ceo. Que El nos faga merecentes aquí do seu amor, e no ceo da súa vida sen fin. Amén

Que teñamos un bo día, unha boa semana, e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén.

Avísase das misas (ver folla do mes).

MOI BO NADAL E QUE ESTE 2021 SEXA FARTURENTO



**“A VIDA É UN AGASALLO CRIBLE
dinos o noso calendario de Nadal da casa”**

**“A estrela foinos guiando”
Palabras do evanxeo de hoxe.**

